



Consello de Galiza

Bós Aires, 9 de Febreiro de 1965

Siñor César Albajar
París

Distinto irmán:

Respostamos a dúas cartas súas, do 6 de decembro e 22 de xaneiro derradeiros, dende logo con algunha tardanza allea á nosa vontade, desexando que a súa saúde millore, no que compre, e que o seu fillo salcontre ben.

En primeiro termo, compre lle agradecer toda a información que coas súas atentas nos chega, e tamén as dúas follas sobor da proieitada revista "Mañana" (que, polo visto, xa saíu ao prelo), unha de cuias follas, por suposto, lle foi entregada a Irmandade Galega. Ao respecto, nós desinhamos ó irmán conselleiro Dr. Alberto Vilanova para colaborar nisa revista, quen o fará a tíduo persoal e coidamos que do agrado de vostedes, pois íl é un galego co pensamento ios pés na realidade da Terra.

Moitismo lle agradescemos os seus conceitos sobor da morte do irmán Suárez Picallo. Foi unha perda irreparabel; mais a súa leición de integridade espritoal danos forzas para seguir loitando a arreo encol da libertade de Galicia, pola que o finado mestre tanto bregóu.

Tocante ao aprazo da reunión internacionae, é de lamentar. E no que se refire á visita de Ramón Piñeiro a París, tamén nós deproramos que non se vira con vostede; e dende logo que non acetamos isa aitude agás que oubera impedimento por enriba da vontade díl.

Respeito da ortodoxía de algunhos galeguistas, certamente alá íles. Nós anceiamos somar e non menguar forzas, mais pensamos que o galeguismo debe camiñar ao trote dos tempos i ollar para a realidade de Galicia.

Nin que decir ten que nos parece ben a súa aitude ao respecto dise galeguismo chorón ao que vostede se refire cando se trataba de colaborar na Radiotelefonía francesa.

Referinte ao agasallo que convén facer ó coro "Follas Novas" por parte da delegación do Consello de Galiza en París, nós estamos dacordo en que se faga, e deixamos librado ao seu bó acerto--



Consello de Galiza

César Albajar - 9/Feb./65 - 2a.

///


que sempre o tivo-- o modo ia maneira de levalo a termo; polo de pronto, lle anunciamos que axiña recibirá un xiro modesto para contribuir aos gastos.

Ista costión da visita de de Gaulle a América Latina, o garimo da "Madre Patria" ios tíduos que soio un lexítimo representante das Hespañas podería asumir, é, dende logo, unha vergoña que dende a visita da Infanta Isabel (que representaba á Hespaña caduca) no centenario de 1910 non houbera outra, nin denantes nin despóis. Nós pensamos como vostede: que soio un Xefe de Estado español que represente a libertade ia democracia pode ser ben recibido nistas terras, as que, pese a todas as vicisitudes habidas e por haber, sinten por enriba de todo tales condicións fundamentais.

E para remiñar, temos o agrado de lle respostar que xa se tomaron as medidas comenentes para que GALAXIA de Vigo lle mande ise tomo do Dicionario Galego de Eladio Rodríguez que a vostede tanto lle intresa, e tamén as demais publicaciós que corresponda.

Sin máis que lle decir, reciba o saúdo garimoso distes irmáns de Bós Aires, conxuntamente coa espranza de trunfo, o máis axiña posibel, dos nosos sagros ideiales.

Polo Consello de Galiza,


Antón Alonso Pérez
Segretario de Goberno e Coordiñación



P. D.. Remitiremos xiro, desde Montevideo, pois as disposicións en Bós Aires non nos permiten. Esperamos facelo muy pronto.